



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE MEDIOS E A SOCIEDADE PÚBLICA REDES DE TELECOMUNICACIÓN GALEGAS RETEGAL, S.A. PARA A EXECUCIÓN DAS ACTUACIÓNS DE LIBERACIÓN DA BANDA DE FRECUENCIAS 694-790 MHz DOS MÚLTIPLEX DE TITULARIDADE AUTONÓMICA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A Secretaría Xeral de Medios, Mar Sánchez Sierra, **DECLARA:**

- Que a Secretaría Xeral de Medios ten previsto formalizar con Redes de Telecomunicación Galegas Retegal, S.A., o instrumento convencional arriba referido de vixencia que abrangue desde a súa sinatura ata o 30.10.2020.

- Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto deste Acordo é establecer as bases de colaboración entre a Secretaría Xeral de Medios e Retegal para a realización de actuacións que permitan liberar a banda de frecuencia 694-790 MHz en centros de banda larga de titularidade autonómica, para a súa adecuación á normativa comunitaria.

As actuacións de liberación do Dividendo Dixital realizaranse nos centros de banda larga descritos no Anexo II de conformidade coas actuacións establecidas no Anexo I.

- Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

- Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Durante o ano 2020 resulta necesario realizar unha serie de actuacións encamiñadas á adecuación á normativa comunitaria das emisións na banda de frecuencia 694-790 MHz de titularidade pública en Galicia, en centros de banda larga da Xunta de Galicia.

Estes investimentos irán destinados á adquisición e instalación de sistemas e equipos de telecomunicacións, así como ao axuste técnico.

Neste senso, Retegal conta cos medios técnicos especializados na materia e coa estrutura necesaria para facerse responsable da organización e xestión dos traballos a desenvolver e das prestacións encargadas, así como da súa calidade técnica.

- Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na *Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014*, ou doutro instrumento alio á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e co fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela, na data que figura na marxe.

